



RESOLUCIÓN DE 17 DE XUÑO DE 2016 DA XERENCIA DE XESTIÓN INTEGRADA A CORUÑA, DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E BAREMACIÓN PROVISIONAL DA CATEGORÍA DO GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA, NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA, NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 16 DE MARZO DE 2016.

Mediante a Resolución da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña de data 16 de marzo de 2016 (DOG nº 61 do 31 de marzo) convocouse procedemento de mobilidade voluntaria interna para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Con data 26 de maio de 2016 publicouse a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas correspondentes as categorías de Persoal de xestión e servizos. Unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, esta Xerencia de Xestión Integrada,

**RESOLVE:**

**Primeiro:** Declarar, **con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos e excluídos** ó devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna na categoría do GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA.

**Segundo:** Publicar a **listaxe provisional de baremación**, da categoría do GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA.

**Terceiro:** Darlle publicidade tanto a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos como a listaxe provisional de baremación da devandita categoría, a través do taboleiro de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña /páxina Web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

A baremación provisional tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.

**Cuarto:** Contra a resolución provisional de baremación os /as aspirantes disporán dun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación desta Resolución, para poder presentar as reclamacións que consideren oportunas.

A Coruña, 17 de xuño de 2016

O Xerente de Xestión Integrada

Asdo.: Francisco José Vilanova Fraga  
Xerencia de Xestión Integrada

